



TAXA POR LICENZAS DE AUTOTAXIS E DEMAIS VEHÍCULOS DE ALUGUER

Artigo 1.- Fundamento e natureza

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/85 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 da Lei 39/88 de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a “Taxa por licenza de autotaxis e demais vehículos de aluguer”, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal, as normas da cal atenden ao previsto no art. 58 da citada Lei 39/88.

Artigo 2.- Feito imponible

Constitúe o feito imponible desta Taxa a presentación dos servizos e a realización de actividades que, en relación coas licenzas de autotaxis e demais vehículos de aluguer a que se refire o Regulamento aprobado polo Real Decreto 763/1979, de 16 de Marzo, que se sinalan a continuación:

- a) Concesión e expedición de licenzas.
- b) Autorización para transmisión de licenzas, cando proceda o seu outorgamento, con arranxo á lexislación vixente.
- c) Autorización para substitución de vehículos afectos as licenzas ben sexa este cambio de tipo voluntario ou por imposición legal.

Artigo 3.- Suxeito pasivo

Están obrigados ao pago da taxa en concepto de suxeitos pasivos contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas e as Entidades a que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria seguintes:

1. A persoa ou entidade a favor da cal se outorgue a concesión e expedición da licenza, ou no favor da cal, se autorice a transmisión de dita licenza.
2. O titular da licenza do vehículo da cal sexa substituído.

Artigo 4.- Responsables

1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaria.
2. Serán responsables subsidiarios, os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebra, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o art. 40 de Lei Xeral Tributaria.



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

Artigo 5.- Cota tributaria

A cota tributaria determinarase por unha cantidade fixa sinalada segundo a natureza do servizo ou actividade, de cordo coas seguinte tarefa:

Epígrafe primeiro: Concesión e expedición de licenzas **90,15 euros**.

Epígrafe segundo: Autorización para transmisión de licenzas **90,15 euros**.

Epígrafe terceiro: Substitución de vehículos **cero euros**.

Epígrafe cuarto: A concesión e autorización de transmisión de licenzas para microbuses de aluguer, será de **180,30 euros**.

Artigo 6.- Exencións e bonificacións

Non se concederá exención ou bonificación algunha no pago da taxa.

Artigo 7.- Devengo

Se derroga a taxa e nace a obriga de contribuír, na data en que este Concello conceda e expida a correspondente licenza ou autorice a súa transmisión, ou que autorice a substitución do vehículo.

Artigo 8.- Declaración e ingresos

1. A realización das actividades e a prestación dos servizos a esta Taxa se levarán acabo a instancia de parte.
2. Todas as cotas serán obxecto de liquidación para ingreso directo, unha vez concedidas as licenzas ou autorizacións de que se trate e realizados os servizos solicitados, procedendo os contribuíntes o seu pago no prazo establecido no Regulamento Xeral de Recadación.

Artigo 9.- Infraccións e Sancións

En todo caso o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que as mesmas correspondan en cada caso, se estará ao disposto nos artigos 77 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

Disposición Final

A presente Ordenanza Fiscal que consta de nove artigos, entrará en vigor no mesmo momento en que se faga pública no B.O.P. a súa aprobación definitiva e despregará efectos a partir do 1 de Xaneiro de 1.989, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Adapt. Euro. Resol. Alcaldía 5 de novembro de 2.001

O Alcalde - José María García Rivera